

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2024**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de xaneiro de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE**

**1. ACTAS E GOBERNO.-** Acórdase a modificación do acordo número 2/828 da Xunta de Goberno Local, do 8 de novembro de 2023, de designación de representantes en órganos colexiados con representación municipal (2024/G004/000085).

**2. ASESORÍA XURÍDICA.-** Acórdase a conformidade no recurso contencioso administrativo número 165/2020 seguido ante o Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Lugo a instancia do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e ciencias da actividade física e do deporte de Galicia.

**3. PLANEAMENTO.-** Acórdase a toma de razón da constitución da Xunta de Compensación do Polígono G (P-G) de Paradai.

### **ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria exp. renuncia á licenza urbanística, procedemento 45/2019, para construción de edificio, en avenida Adolfo Suárez, 42.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac3530584637936629038.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-2-2024

**5. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración dun vehículo pala mixta retrocargadora de nova fabricación para o parque móbil e a apertura do procedemento de adxudicación. expte ref. 2024-C004-000002.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da adquisición de licenzas autocad e actualización presto do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. exp. ref. 2024-C004-000004.

Do mesmo xeito, acórdase a resolución definitiva na concesión do uso privativo dos espazos necesarios na praza maior e na praza de Santo Domingo para a instalación de quioscos-latrina. exp. ref. 2022-C005-000014.

Así mesmo, acórdase a delegación de competencias no Tenente de Alcaldesa -delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación do servizo de execución de reparacións e traballos de apoio na reparación de avarías na rede de abastecemento de auga do Concello de Lugo expte. ref. 2024/C003/000007.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da prestación de servizos de xestión, atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais casas das linguas, sitas en estrada da granxa e no Centro de Convivencia María Balteira e a apertura do procedemento de adxudicación. expte. ref. 2024/C003/000005.

Acórdase a adxudicación na contratación da subministración dun vehículo autoescaleira automática destinada ao Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Excmo. Concello de Lugo. expte ref 2023/C004/000032.

**6. FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Concello de Lugo para o mantemento do centro de acollida para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero dependente do Concello.

Tamén se acorda aprobar o convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Centro de Formación Beana SL para o desenvolvemento de prácticas no arquivo municipal.

**7. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases específicas para a cobertura en propiedade de 14 prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo (OEP 2021-2022-2023).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para a cobertura de 2 prazas de técnico/a de educación infantil pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo B ), en quenda de acceso libre (OEP 2021 e OEP 2023).

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación das bases específicas para a cobertura dunha praza de oficial cocifeiro/a pertencente ao cadro de persoal funcionario (grupo C - subgrupo C2), en quenda de promoción interna (OEP 2021).

Así mesmo, acórdase a atribución temporal de funcións de xefe do Servizo de Licenzas ao xefe do Servizo de Urbanismo.

Acórdase aprobar o informe proposta declarando deserta a cobertura temporal en comisión de servizos da xefatura do servizo de licenzas do Excmo. Concello de Lugo-aberto a todas as administracións públicas.

## ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

**8. MERCADOS.-** Acórdase a relación de persoas vendedoras do Mercado Tradicional para o ano 2024.

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac3530584637936629038.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-2-2024

Acórdase o cambio de titularidade por transpaso do posto número 36 e da camara número 7 da Praza de Abastos.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**